



Circular 3/2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a admisión e matrícula nas escolas oficiais de idiomas para o curso 2010/2011.

A Comunidade Autónoma de Galicia regulou as ensinanzas de idiomas de réxime especial mediante a aprobación do Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio, e do Decreto 239/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo de nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas. Estes decretos, nas súas disposicións finais primeiras, autorizan á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar cantas normas se consideren oportunas para o desenvolvemento dos mesmos.

En consecuencia, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións sobre o proceso de admisión e matrícula para o curso 2010-2011.

I. Acceso

1. Condicións xerais de acceso para o curso escolar 2010-2011.

- 1.1. Para acceder a estas ensinanzas será requisito imprescindible ter dezaseis anos cumplidos no ano en que se comecen os estudos.
- 1.2. Poderán acceder así mesmo aquelas persoas que teñan cumplidos catorce anos, ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2010, para seguir as ensinanzas dun idioma distinto do cursado na educación secundaria obligatoria como primeira lingua estranxeira.
- 1.3. Poderase acceder directamente a un curso distinto de 1º de nivel básico a través das seguintes vías:
 - a. Os certificados do nivel básico e intermedio darán acceso ás ensinanzas do nivel intermedio e avanzado respectivamente.



- b. O título de bacharel dará acceso ao nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato. Isto non suporá, en ningún caso, a expedición do certificado do nivel básico.
- c. As probas de clasificación permitirán a incorporación a calquera nivel e curso daquelas persoas que dispoñan de coñecementos previos do idioma.
- d. As titulacións ou certificados acreditativas de ter coñecementos do idioma no que solicita praza dará acceso a calquera curso segundo as equivalencias establecidas na táboa do **anexo II** desta circular.
- 1.4. Para os cursos non ordinarios de actualización de coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado, colectivos profesionais e público en xeral, os requisitos e o procedemento de acceso serán establecidos na súa convocatoria correspondente.
- 1.5. O acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial na modalidade a distancia "That's English!" será obxecto dunha normativa específica por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- 1.6. O profesorado de EOI non poderá cursar estudos de idiomas no mesmo centro no que imparte docencia, e en ningún caso se poderá matricular do mesmo idioma que imparte en ningunha EOI.
- 1.7. Todo o alumnado de novo acceso deberá realizar unha preinscrpción en liña a través da aplicación informática existente para tramitar a súa solicitude de praza.
- O **anexo I** a esta circular recolle os accesos a cada un dos cursos das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

2. Preinscripción.

- 2.1. Ademais do alumnado que solicita cursar estudos en 1º curso de nivel básico nas EEOOII por primeira vez nun idioma, terá a consideración de alumnado de novo acceso o seguinte:
- a. Alumnado procedente das probas de clasificación.



- b. Alumnado de acceso directo por titulación ou certificación académica.
- c. Alumnado que se incorpora á ensinanza presencial tras superar as probas específicas de certificación polo réxime libre.
- d. Alumnado procedente de traslado de matrícula.
- e. Antigos alumnos que non estiveran matriculados polo réxime oficial no curso anterior.
- f. Alumnado oficial do curso 2009-2010 que renunciara a matrícula.

2.2. Prazo de preinscripción:

- Para os cursos de 1º de nivel básico as preinscricóns realizaranse dende o 28 de xuño ata o 15 de xullo.
 - Para os demais cursos as preinscricóns realizaranse dende o 28 de xuño ata o 5 de setembro.
 - Todas as preinscricóns deberán formalizaranse obligatoriamente en liña nos prazos establecidos nesta circular, a través do acceso <https://www.eoidigital.com/preinsxunta>, de acordo coas instrucións que figuran no **anexo III**.
- 2.3. Para cada idioma haberá un única preinscripción con catro preferencias priorizadas de grupos; e só se poderá solicitar praza nun máximo de dous idiomas.
- 2.4. No caso de que o número de solicitudes supere a oferta de prazas, estas adxudicaranse utilizando como referencia a letra "M" do primeiro apellido, e en sentido descendente do alfabeto, a partir da cal o programa informático adxudicará as prazas vacantes ao alumnado preinscrito, de acordo coas preferencias que figuren na data de peche de preinscricóns.
- 2.5. O día 16 de xullo, ás 23.00h, publicaranse na web as listaxes de admitidos nos cursos de 1º de nivel básico, que deberán formalizar a matrícula no grupo adxudicado entre o 19 e o 28 de xullo nas secretarías das EEOOII.
- 2.6. O día 16 de setembro, ás 23.00h, publicaranse na web as listaxes de admitidos nos cursos distintos de 1º de básico, así como ás adxudicacóns das prazas dos cursos de 1º de nivel básico que quedaran libres trala



adxudicación de xullo. As persoas que obteñan praza deberán formalizar a matrícula no grupo adxudicado ata o día 22 de setembro nas secretarías das EOI. As escolas poderán establecer horarios de atención ao público que consideren oportunos para garantir a mellor organización.

2.7. As listaxes de aspirantes non admitidos consideraranse listaxes de espera.

Constituirase unha listaxe única por centro organizada conforme a orde de prelación resultante da adxudicación realizada.

3. Probas de clasificación.

- 3.1. O alumnado de novo acceso que teña coñecementos previos e desexe matricularse na modalidade presencial nun curso distinto de primeiro deberá realizar a correspondente proba de clasificación, coa que poderá ter acceso directo a calquera dos cursos. En calquera caso, non poderá matricularse nunha proba de clasificación o alumnado que cursara estudos presenciais no curso 2008-2009 ou 2009-2010.
- 3.2. Unha vez que se publique o resultado das probas, o alumnado deberá realizar a correspondente preinscripción no curso e nivel segundo o resultado das mesmas.
- 3.3. O resultado das probas de clasificación terá unha vixencia de dous cursos académicos para os efectos de formalización de matrícula oficial.

II. Matrícula

4. Procedemento de matrícula.

- 4.1. O alumnado oficial do curso 2009-2010 que desexe seguir estudos no curso 2010-2011 no mesmo idioma e escola deberá realizar obligatoriamente a matrícula en liña, nos prazos establecidos nesta circular sen necesidade de facer preinscripción, a través do acceso <https://www.informaticacentros.com/xunta>, de acordo coas instrucións que figuran no **anexo IV**.



- 4.2. A matrícula en liña permite reservar praza no grupo de elección do alumno, segundo a oferta aprobada para cada EOI, a través da dita aplicación informática, e en función das vacantes existentes.
- 4.3. Unha vez realizada a reserva en liña e obtida a correspondente confirmación por duplicado, a través da mesma páxina web, deberase proceder ao pagamento dos prezos públicos, segundo corresponda e de acordo coas instrucións establecidas a tal efecto, e presentar na secretaría do centro, no prazo establecido, a seguinte documentación aos efectos de formalización de matrícula:
 - Dúas copias da confirmación da reserva realizada en liña, unha delas será selada e entregada ao alumno como resgado de matrícula.
 - Xustificante de pagamento conforme ao modelo oficial, cos certificados de exención ou redución, se é o caso.
- 4.3. O alumnado de novo acceso deberá presentar, ademais do anterior, a seguinte documentación:
 - Fotocopia do DNI, ou NIE no caso de estranxeiros.
 - Para o alumnado menor de 16 anos, fotocopia compulsada de documentación que acredite a primeira lingua estranxeira cursada no réxime ordinario no presente curso escolar.
- 4.4. Nas seccións das escolas oficiais de idiomas, a formalización das matrículas realizarase a través das secretarías das propias seccións, salvo aquelas que estean situadas en zonas próximas ás sedes das que dependen; así, nas seccións no IES de Sar, no IES "Cruceiro Baleares", no IES "Alexandre Bóveda", no IES de Rodeira, no IES "Val do Tea" e no IES "Valle Inclán", non se tramitará ningunha solicitude.
- 4.5. Para garantir a correcta tramitación das matrículas, as cualificacións correspondentes á avaliación ordinaria de xuño deberanse cargar na aplicación informática antes do día 28 de xuño; e as cualificacións correspondentes á avaliación extraordinaria de setembro deberanse cargar antes do día 10 de setembro.



5. Prazos de matrícula.

5.1. Período de matrícula ordinaria:

- a. Do 28 de xuño ao 28 de xullo para:
 - Alumnado oficial coa cualificación de Apto na convocatoria ordinaria de xuño de 2010.
 - Alumnado procedente do programa de inglés a distancia “That's English!” aprobado na convocatoria ordinaria de xuño de 2010.
- b. Do 19 ao 28 de xullo para o alumnado de novo acceso preinscrito nos cursos de 1º de nivel básico que obtivera praza na adxudicación do 16 de xullo.

5.2. Período de matrícula extraordinaria:

- a. Do 6 ao 16 de setembro para o alumnado oficial da escola e alumnado procedente do programa “That's English!” coa cualificación de Apto, Non apto ou Non presentado na convocatoria extraordinaria de setembro.
 - b. Do 17 ao 22 de setembro para o alumnado de novo acceso que obtivera praza na adxudicación do día 16 de setembro.
- 5.3. Finalizado o proceso de matrícula, e ata o 15 de outubro, no caso de que quedaran prazas vacantes, as escolas poderán cubrir as mesmas de acordo coas listaxes de espera, en caso de habela, ou atendendo ás peticións de alumnado de novo acceso que non realizara o proceso de preinscripción. Non se poderá facer pública ningunha oferta de prazas vacantes mentres existan listaxes de espera.
- 5.4. O alumnado que non formalice a súa matrícula no prazo establecido para o grupo que lle corresponda, presentando a documentación requirida na secretaría das escolas, perderá o dereito á praza asignada e só poderá matricularse ao finalizar todo o proceso de matrícula no caso de quedar prazas vacantes.

6. Perda do dereito á matrícula.



A non incorporación sen xustificación debidamente razoada perante a dirección nos quince días seguintes ao inicio do curso académico, implicará a perda da condición de alumnado oficial e a escola disporá destas prazas para seren cubertas por outros aspirantes.

7. Prezos públicos.

As ensinanzas de réxime especial están suxeitas ao pagamento de prezos públicos conforme ao establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 156/2002, do 18 de abril (DOG do 3 de maio), modificado polo Decreto 147/2006, do 31 de agosto, (DOG do 8 de setembro).

O pagamento para a formalización da matrícula axustarase ao establecido nas instrucións sobre a aplicación dos prezos públicos nas ensinanzas de réxime especial, e realizarase mediante o impreso de autoliquidación, modelo E (subministrado polos centros educativos en papel), ou ben mediante o modelo

AI (dispoñible na web no enderezo <http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos> que debe ser confeccionado polo alumno e que deberá ir impreso en papel). Estes impresos poderanxe empregar ante calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación de taxas e prezos que veñen relacionadas no Anexo 7 da Orde de 30 de xuño de 1992 (<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/I301992#AVII>).

Igualmente poderá facerse efectivo o ingreso de xeito telemático a través da oficina virtual tributaria. Quedará xustificado o pagamento mediante a presentación do impreso validado pola entidade financeira no caso dos modelos E ou AI e, no caso do pagamento telemático pola presentación do impreso co código seguro de verificación (CSV), xerado pola Oficina Virtual Tributaria.

8. Información ao alumnado.

8.1. As escolas oficiais de idiomas darán publicidade a todos aqueles aspectos que garantan a transparencia do proceso de admisión: prazas que se ofrezan en cada idioma, listaxe do alumnado preinscrito, así como a



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela




XACOBEO 2010
Galicia

listaxe do alumnado admitido e os correspondentes períodos de reclamacións.

- 8.2. O alumnado deberá ser informado, no momento da formalización da matrícula, que a posta en marcha do grupo da súa elección dependerá do número total de inscritos que o xustifique.
- 8.3. Para facilitar os procesos de preinscripción ou de matriculación en liña ao alumnado, as escolas habilitarán equipos informáticos con conexión a internet nos espazos que a escola habilite a tal efecto.
- 8.4. No momento da matrícula o alumnado deberá ser informado, polo menos, de que as datas de celebración das probas parciais de febreiro e finais de xuño poderán realizarse en día e hora diferentes aos horarios ordinarios das clases do curso no que se matrícula.
- 8.5. As escolas, a través das súas páxinas web, darán información sobre os prezos públicos aplicables en cada caso.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2010

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



Asd... José Luis Mira Lema



ANEXO I

CONDICIÓN XERAIS DE ACCESO

1. Acceso ao Nivel Básico.

- a) Poderán acceder ao curso Nivel Básico 1 de cada un dos idiomas quen cumpra os requisitos establecidos sobre acceso a estas ensinanzas establecidas na presente Circular.
- b) Poderán acceder ao curso Nivel Básico 2 de cada un dos idiomas:
- Os alumnos que superen no idioma correspondente o Nivel Básico 1 dos ensinos regulados polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro .
 - Os alumnos que superen no idioma correspondente o curso do Nivel Básico 1 das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 944/2003, de 18 de xullo, polo que se establece a estrutura das ensinanzas de idiomas de réxime especial.
 - Os alumnos que superen no idioma correspondente o primeiro curso do Ciclo Elemental dos ensinos regulados polo Real Decreto 967/1988, de 2 de setembro, sobre Ordenación dos ensinos correspondentes ao primeiro nivel dos ensinos especializados de idiomas.
 - Quen sexa clasificado para acceder ao curso Nivel Básico 2 no idioma correspondente por proba de clasificación nos termos que establece a presente Circular.
- c) Poderán acceder ao curso do Nivel Básico 3 dos idiomas, chinés e xaponés:
- Os alumnos que superen no idioma correspondente o curso Nivel Básico 2 dos ensinos regulados polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro ..
 - Quen sexa clasificado para acceder ao curso 3 do Nivel Básico no idioma correspondente por proba de clasificación nos termos que establece a presente Circular.



2. Acceso ao Nivel Intermedio.

a) Poderán acceder ao curso Nivel Intermedio 1 de cada un dos idiomas:

- Os alumnos que obteñan no idioma correspondente o Certificado de Nivel Básico dos ensinos regulados polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro .
- Os alumnos que superen no idioma correspondente o curso do Nivel Básico 2 dos ensinos regulados polo Real Decreto 944/2003, de 18 de xullo.
- Os alumnos que superen no idioma correspondente o segundo curso do Ciclo Elemental dos ensinos regulados polo Real Decreto 967/1988, de 2 de setembro.
- Quen estea en posesión do título de Bacharel para acceder exclusivamente ao idioma cursado como primeira lingua no bacharelato.
- Quen sexa clasificado para acceder ao curso 1 do Nivel Intermedio no idioma correspondente por proba de clasificación nos termos que establece a presente Circular.

b) Poderán acceder ao curso Nivel Intermedio 2 de cada un dos idiomas:

- Os alumnos que superen no idioma correspondente o curso do Nivel Intermedio 1 dos ensinos regulados polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.
- Quen sexa clasificado para acceder ao curso do Nivel Intermedio 2 no idioma correspondente por proba de clasificación nos termos que establece a presente Circular.

c) Poderán acceder ao curso Nivel Intermedio 3 dos idiomas árabe, chinés e xaponés:

- Os alumnos que superen no idioma correspondente o curso do Nivel Intermedio 2 dos ensinos regulados polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.
- Quen sexa clasificado para acceder ao curso 3 do Nivel Intermedio no idioma correspondente por proba de clasificación nos termos que establece a presente Circular.



3. Acceso ao Nivel Avanzado.

a) Poderán acceder ao curso Nivel Avanzado 1 de cada un dos idiomas:

- Os alumnos que obteñan no idioma correspondente o Certificado de Nivel Intermedio dos ensinos regulados polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.
- Os alumnos que obteñan no idioma correspondente o Certificado Elemental dos ensinos regulados polo Real Decreto 967/1988, de 2 de setembro.
- Quen sexa clasificado para acceder ao curso do Nivel Avanzado 1 no idioma correspondente por proba de clasificación nos termos que establece a presente Circular.

b) Poderán acceder ao curso Nivel Avanzado 2 de cada un dos idiomas:

- Os alumnos que superen no idioma correspondente o curso do Nivel Avanzado 1 dos ensinos regulados polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.
- Os alumnos que superen no idioma correspondente o primeiro curso do Ciclo Superior dos ensinos regulados polo Real Decreto 967/1988, de 2 de setembro.
- Quen sexa clasificado para acceder ao curso do Nivel Avanzado 2 no idioma correspondente por proba de clasificación nos termos que establece a presente Circular.



ANEXO II
ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN

ALEMÁN

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none">• Fit in Deutsch 1. Goethe Institut• Start Deutsch 1. Goethe Institut• Sprachkenntnisnachweis (SKN)• Kompetenz in Deutsch 1 (KID 1)	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none">• Fit in Deutsch 2. Goethe Institut• Start Deutsch 2. Goethe Institut• Kompetenz in Deutsch 2 (KID 2)• Título de Bacharelato (alemán 1ª lingua estranxeira)	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none">• Licenciatura en traducción e interpretación (alemán 2ª lingua)	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none">• Zertifikat Deutsch (ZD). Goethe Institut/Österreichisches Sprachdiplom• Zertifikat Deutsch als Fremdsprache (ZDaF). Goethe Institut• Zertifikat Deutsch für Beruf (ZDfB). Goethe Institut• Zertifikat Mittelstufenprüfung (ZMP). Goethe Institut• Prüfung Wirtschaftsdeutsch (PWD). Goethe Institut• Mittelstufe Deutsch. Österreichisches Sprachdiplom• Wirtschaftssprache Deutsch. Österreichisches Sprachdiplom• Goethe Zertifikat B2	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none">• Kleines Deutsch Sprachdiplom (KDS). Goethe Institut• Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP). Goethe Institut	AVANZADO 2




- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none">• Licenciatura en filoloxía alemana• Licenciatura en traducción e interpretación (alemán 1^a lingua)• Goethe Zertifikat C1 | |
|--|--|

ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN ÁRABE

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none">• Licenciatura en traducción e interpretación (árabe 2^a lingua)	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none">• Licenciatura en filoloxía árabe• Licenciatura en traducción e interpretación (árabe 1^a lingua)	AVANZADO 2

ANEXO II: ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN CHINÉS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none">• Diploma de chinés HSK (Básico A)	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none">• Diploma de chinés HSK (Básico B)	BÁSICO 3
<ul style="list-style-type: none">• Diploma de chinés HSK (Básico C)	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none">• Diploma de chinés HSK (Primario e medio A)	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none">• Diploma de chinés HSK (Primario e medio B, C)	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none">• Diploma de chinés HSK (Superior A)	AVANZADO 2



ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none">Diploma de español como lingua extranjera (DELE). Nivel inicial	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none">Diploma de español (DELE). Nivel intermedioDiploma de español (DELE). Nivel superior	AVANZADO 1

ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN FRANCÉS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none">DELF A1. Alianza francesa	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none">DELF A2. Alianza francesaTítulo de Bacharelato (francés 1ª lingua extranjera)	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none">Licenciatura en traducción e interpretación (francés 2ª lingua)Diplomatura en máster (especialidad francés)DHEF. Diploma de altos estudios. Alianza francesaDS. Diploma superior de estudios franceses modernos. Alianza francesa	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none">DELF B1. Alianza francesa	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none">DELF B2. Alianza francesaDALF C1. Alianza francesaDALF C2. Alianza francesaLicenciatura en filología francesaLicenciatura en traducción e interpretación (francés 1ª lingua)	AVANZADO 2



ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN GALEGO

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none">• Graduado en ESO tendo cursado lingua galega en todos os cursos• Curso de iniciación de lingua galega• CELGA 2	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none">• Título de Bacharelato tendo cursado lingua galega• Curso de perfeccionamento de lingua galega• Curso de especialización de lingua galega• CELGA 3	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none">• Diplomatura en maxisterio tendo cursado materias de lingua galega• Licenciatura en calquera filoloxía tendo cursado materias de lingua galega• CELGA 4	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none">• CELGA 5	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none">• Licenciatura en filoloxía galega ou galego-portuguesa• Licenciatura en tradución e interpretación (galego 1ª lingua)	AVANZADO 2



ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN INGLÉS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none">• KET (Key English Test). Universidade de Cambridge• Certificado (A1 do MCER) do Programa CUALE.• IELTS (3.0). Universidade de Cambridge	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none">• PET (Preliminary English Test). Universidade de Cambridge.• IELTS (4.0). Universidade de Cambridge• ECCE (Examination for the Certificate of Competency in English). Universidade de Michigan• Título de Bacharelato (inglés 1ª lingua estranxeira).	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none">• Licenciatura en traducción e interpretación (inglés 2ª lingua)• Diplomatura en maxisterio (especialidade filoloxía inglesa)• TOEFL (Test of English as a Foreign Language) con data dos últimos 5 anos.• IELTS (5.0). Universidade de Cambridge	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none">• FCE (First Certificate in English). Universidade de Cambridge• ECPE (Examination for the Certificate of Proficiency In English). Universidade de Michigan.• IELTS (6.0). Universidade de Cambridge	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none">• Licenciatura en filoloxía inglesa• Licenciatura en traducción e interpretación (inglés 1ª lingua)• CAE (Certificate in Advanced English). Universidade de Cambridge• CPE (Certificate of Proficiency in English). Universidade de Cambridge• IELTS (7.0-9.0). Universidade de Cambridge	AVANZADO 2



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela



XACOBEO 2010
Galicia

ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN ITALIANO

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none">Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 1 (CELI 1). Universidade de Perugia	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none">Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 2 (CELI 2). Universidade de Perugia	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none">2º curso Instituto Italiano de CulturaCILS 2. Universidade de SienaCertificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3). Universidade de PerugiaLicenciatura en traducción e interpretación (italiano 2ª lingua)	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none">3º curso Instituto Italiano de CulturaCertificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4). Universidade de PerugiaCILS 3. Universidade de Siena	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none">Licenciatura en filoloxía italianaLicenciatura en traducción e interpretación (italiano 1ª lingua)	AVANZADO 2



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela



XACOBEO 2010
Galicia

ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN PORTUGUÉS

TITULACIÓN CERTIFICADO	DIPLOMA	OU	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none">Certificado inicial de português língua estrangeira (CIPLE)			INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none">Licenciatura en traducción e interpretación (portugués 2ª lingua)			INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none">Diploma Elementar de Português Língua Estrangeira (DEPLE)Diploma Intermédio de Português Língua Estrangeira (DIPLE)			AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none">Diploma Avançado de Português Língua Estrangeira (DAPLE)Diploma Universitário de Português Língua Estrangeira (DUPLE)Licenciatura en filoloxía galega ou galego-portuguesaLicenciatura en traducción e interpretación (portugués 1ª lingua)			AVANZADO 2



ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN RUSO

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
TORFL-1 (Test of Russian as Foreign Language)	INTERMEDIO 1
TORFL-2 (Test of Russian as Foreign Language - Advanced)	AVANZADO 1
TORFL-3 (Test of Russian as Foreign Language - Proficiency)	AVANZADO 2

ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN XAPONÉS

TITULACIÓN, CERTIFICADO	DIPLOMA	OU	ACCEDE A
	• NOKEN-4 (The Japan-Language Proficiency Test). Japan Foundation		BÁSICO 3
	• NOKEN-3 (The Japan-Language Proficiency Test). Japan Foundation		INTERMEDIO 1
	• NOKEN-2 (The Japan-Language Proficiency Test). Japan Foundation		AVANZADO 1



ANEXO III

Procedemento de preinscrición en liña

1. Acceso ao sistema
2. Entrada á aplicación
3. Procedemento de matriculación
4. Confirmación de matrícula

1. Acceso ao sistema

O acceso á preinscrición en liña realizarase desde a dirección:

<https://www.eoidigital.com/preinsxunta>

2. Entrada á aplicación

I. Datos de identificación.

A persoa que queira solicitar unha praza nas EOIs deberá darse de alta no sistema. Para iso deberá indicar a súa *data de nacemento* e o seu *número de DNI ou NIE*.

O formato destes campos indicarase na pantalla, sendo para a data de nacemento dd-mm-aaa e para o DNI 8 díxitos seguido dunha letra, o NIE comenzará por X, Y ou Z, seguido de 7 díxitos e finalizado pola letra correspondente.

II. Datos persoais

Unha vez acceda coa data de nacemento e o número identificativo tense acceso a una primeira pantalla de captura de datos persoais.



Haberá unha serie de campos de requerido cumprimento que se terán que completar para seguir co proceso de solicitude. Os datos que se solicitan son de nacemento e de residencia.

Igualmente terase que introducir unha *contrasinal* que nos permitirá con posterioridade acceder ao proceso de preinscripción en liña.

Para os casos de perda de contrasinal pedirase tamén unha pregunta/resposta secreta que permita recuperar a contrasinal.

Os datos introducidos poderán ser modificados con posterioridade sempre e cando se teñan os datos de acceso por parte do usuario.

3. Solicitude de paza

Unha vez se cumplimenten todos os campos de datos persoais, e despois das pantallas de confirmación, accédese á solicitude de prazas.

A pantalla conta en primeiro lugar con dous deplegables de datos nos que hai que indicar o **idioma** solicitado e o **curso**.

A oferta é conxunta entre todas as EOIs polo que no desplegable aparecerá a oferta de todas as EOIs.

A orde para solicitar unha praza é a seguinte:

- I. Elección do idioma
- II. Elección do curso dos ofertados para o idioma seleccionado anteriormente.
- III. Elección do centro no que se deseche a praza.
- IV. Elección do grupo segundo os ofertados.

Os puntos III e IV poden ser repetidos varias veces nunha mesma solicitude.

A solicitude é única por idioma, é dicir, unha persoa non poderá realizar máis dunha preinscripción para un mesmo idioma.



Dentro da preinscripción poderase realizar varias opcións para unha mesma solicitude.

A solicitude realizada poderá ser consultada, modificada e incluso eliminada en calquera momento e sempre que o proceso non estea cerrado segundo os prazos establecidos.

O sistema poderá emitir resgados como garantía da solicitude da praza.

4. Modificación de solicitudes realizadas

Se o prazo de preinscripción non está pechado, a través da mesma páxina é posible acceder á información introducida e poder modificar tanto os datos persoais como as preinscripcións.

Poderanse engadir novas preinscripcións, poderanse modificar opcións dentro dunha preinscripción e tamén se poderán eliminar preinscripcións.

O acceso por segunda e posteriores veces realizarase coa Data de nacemento, o DNI/NIE e a **contrasinal indicada** no momento da alta.

5. Consulta de solicitudes

Durante todo o proceso poderase acceder á consulta das solicitudes realizadas.

Ademais disto e unha vez realizada a adxudicación de prazas, na consulta de preinscripcións poderase ver se a solicitude está admitida ou non.

6. Adxudicación de prazas

A adxudicación de prazas realizarase da seguinte maneira:

- I. Ordenaranse alfabeticamente a todas as persoas que solicitaran un mesmo idioma.



- II. Tomarase como primeiro alumno o que corresponda segundo a letra publicada.
- III. Empezarase a comprobar as súas solicitudes e se hai disponibilidade no primeiro grupo solicitado asígnaselle inmediatamente, descartando o resto de peticións feitas para ese mesmo idioma por esta persoa.
- IV. Se non hai prazas dispoñibles na primeira opción, tense en conta a súa segunda opción e así sucesivamente. En caso de que en ningunha das opcións solicitadas existan prazas vacantes, descartarase a esta persoa e continuarase coa seguinte da lista.
- V. Unha vez recorridos todos os solicitantes, xerarase unha lista de reservas, tendo en conta a primeira opción solicitada e empezando de novo polo primeiro alumno. Nesta lista estarán soamente os solicitantes que no obtiveran praza.

7. Confirmación de matrícula

A confirmación de matrícula realizarase pola mesma aplicación que se utiliza na matriculación oficial e que se explica no anexo IV.



ANEXO IV

Procedemento de matriculación en liña

1. Acceso ao sistema
2. Identificación do alumno
3. Proceso de matriculación
4. Presentación de documentos
5. Descarga á aplicación do Centro

1. Acceso ao sistema

O acceso á matriculación en liña realizarase desde a plataforma Centrosnet na dirección que cada centro ten asignada. Habilitarase tamén unha entrada xenérica para que se poida acceder a calquera centro desde un mesmo enlace:

<https://www.informaticacentros.com/xunta>

2. Identificación do alumno

I. Alumnado oficial curso 2009-2010

O acceso a centrosnet vense realizando de maneira regular polo cal se mantén a forma de acceso con usuario e contrasinal. O usuario será o número de **expediente** do alumno e como contrasinal utilizarase o **DNI** do alumno.

II. Novos alumnos

Os alumnos que proveñen da preinscrición, dado que aínda non teñen un número de expediente asignado deberán substituír o número de expediente pola data de nacemento. O DNI como contrasinal mantense neste tipo de alumnado.

Nas páxinas da preinscrición haberá un enlace directo á zona de matriculación.



3. Proceso de matriculación

I. Reserva de praza de matrícula

O alumno ao entrar na aplicación accederá a unha pantalla onde xa se lle informa do curso no que lle corresponde matricularse, podendo elixir un grupo dos que se lle oferten. Esta oferta de grupos poderá verse na pantalla á que accede o alumno.

A selección deste grupo, unha vez fora confirmada polo alumno non poderá ser modificada nin anulada.

No caso de alumnos que proveñan da preinscripción, o grupo xa estará fixado e o alumno só poderá confirmar ou non a súa matrícula.

Ao confirmar a matrícula, o sistema xerará un resgado onde se indicará o idioma, curso e grupo que fora seleccionado, así como o día e hora na que se grava a súa solicitude.

Informarse das taxas correspondentes para que o alumno poida efectuar o correspondente pago na entidade bancaria ou polo procedemento establecido.

Ata este momento a praza está en reserva, pendente de confirmación por parte do centro.

II. Confirmación de praza de matrícula

Unha vez se efectúe o pago da matrícula, o alumno deberá presentar na secretaría do centro o resgado da matrícula efectuada e o resgado de ter efectuado o pago na entidade bancaria (ou do pago telemático se está activo).



Unha vez a documentación sexa presentada na secretaría do centro, accederase á plataforma de Centrosnet coa identificación da EOI e terase que confirmar a reserva, isto fará que a matrícula do alumno quede totalmente validada.

O pago da matrícula deberá efectuarse nos prazos establecidos para iso e calquera pago efectuado fóra deste prazo levará á anulación da praza reservada.

O alumno tamén estará obrigado a presentar a validación do pago na secretaría do centro no prazo indicado. Se esta confirmación non se efectúa, a praza tamén quedara anulada.

Finalizado o prazo de confirmación, as pazas non confirmadas pola secretaría do centro quedarán automaticamente anuladas e polo tanto liberadas para o seguinte proceso de matriculación, perdendo o alumno calquera dereito sobre a reserva da súa praza.

4. Presentación de documentos

Se o alumno ten algunha situación especial que requira a presentación de documentación, deberá facelo de maneira presencial na secretaría do centro.

Os alumnos con dereito a redución de taxas poderán efectuar a súa matriculación por internet pero terán que aportar a documentación que o xustifique na secretaría do seu centro.

5. Descarga á aplicación do Centro

Unha vez rematado o proceso os datos serán descargados á aplicación informática do centro e quedarán integrados co resto de expedientes.